**FSP-GALICIA:** Miguel Ferro Caaveiro, 12-1ª Planta (15707) Santiago. **Tf.:** 981.57.27.44. **Fax:** 981.57.08.78 **C.Elec:** galicia@fspugtgalicia.org .
**FSP-CORUÑA:** Fernández Latorre, 27-3º (15006) A Coruña. **Tf.:** 981.24.84.71. **Fax:** 981.24.90.41 **C. Elec:** fspcoruna@infonegocio.com
**FSP-FERROL:** Carmen, 45-2º Ferrol. **Tf.:** 981.35.61.27. **Fax:** 981.35.61.27. **C. Elec**: fspisa@terra.es
**FSP-LUGO:** Ronda de la Muralla, 58-1º (27003) Lugo. **Tf.:** 982. 23.12.07. **Fax:** 982.25.10.87. **C.Elec:** fsplu01@ugt.es .
**FSP-ORENSE:** Parque de San Lázaro, 14 – 1º (32003) Orense. **Tf.:** 988.23.83.53. **Fax:** 988.23.82.07. **C.Elec:** fsp@fspugtourense.com .
**FSP- Provincial PONTEVEDRA:** Heraclio Botana, 2-6º (36201) Vigo. **Tf.:** 986. 22.19.18. **Fax:** 986.43.64.58. **C.Elec:** fspvigo@mundo-r.com.

UGT Informa

# NOTA DE PRENSA

## O Sector de Saúde e Servicios sociosanitarios da FSP-UGT de Galicia amosa o seu apoio ás reivindicacións profesionais e laborais dos psicólogos clínicos do Sergas.

Galicia é unha das poucas Comunidades Autónomas (xunto con Baleares, País Basco e Murcia) pendentes de recoñecer ós Psicólogos/as clínicos a categoría de Facultativos Especialistas. No Sergas, a dotación de prazas de psicólogos clínicos é insuficiente, e a remuneración e consideración profesional inferior á correspondente a súa titulación e funcións, e inferior á doutros profesionais con titulación equivalente.

A situación de sobrecarga asistencial é o agravio polas condicións laborais e profesionais non se pode soster por máis tempo. Asemede, os cidadáns galegos teñen dereito na cobertura das necesidades de atención, á dimensión psicolóxica dos procesos de saúde-enfermidade.

Manifestamos o apoio da UGT á concentración convocada polas asociacións profesionais da Mesa Galega pola Psicoloxía Clínica que se celebrará o día 27 de maio en Santiago, e o acto de entrega de solicitudes formais individuais, a través de Rexistro de Entrada da Administración Autonómica, de reclasificación como facultativos especialistas de psicólogos/as do SERGAS con título de especialista en Psicoloxía Clínica.

UGT demanda ó Sergas que presente á Mesa sectorial a regulación do proceso de adscripción dos psicólogos clínicos do Sergas a categoría correspondente ó seu nivel de titulación e funcións: facultativo especialista, e o plan de adecuación da dotación dos cadros de persoal de atención especializada e atención primaria.

Santiago a 26 de maio de 2005

*www.fspugtgalicia.org/sanidad*

**Os Teus Dereitos son o PRIMEIRO.**